

LA BOLA NEGRA

Javier Calvo / Javier Ambrossi, 2025

1831

ESTREA EN NUMAX: 25.09.2026 | V.O. | +12

As vidas interconectadas de tres homes en tres épocas distintas. Tres existencias intimamente ligadas pola sexualidade e o desexo, a dor e a herdanza; e unha das últimas obras, inacabada, de Federico García Lorca.

«Sen bridas e ata sen alento. Unha película que a medida que avanza levanta poeiras de emoción, de memoria, de recoñecemento»
Luis Martínez, EL MUNDO

Título orixinal: La bola negra
Ano: 2026
Duración: 108 minutos
Idioma orixinal: Español
Dirección: Javier Ambrossi, Javier Calvo
Guión: Javier Ambrossi, Javier Calvo, Alberto Conejero
Elenco: Guitarricadelafuente, Miguel Bernardeau, Carlos González, Milo Quifes, Lola Dueñas, Penélope Cruz, Glenn Close
Montaxe: Alberto Gutiérrez
Son: Anna Harrington, Alejandro López
Música: Raül Refree
Fotografía: Gris Jordana
Produtora: Suma Content, Movistar Plus+, El Deseo, Le Pacte, Atresmedia Cine
Distribuidora: Elástica Films

PREMIOS E FESTIVAIS
Cannes 2026 (Mellor Dirección)



Entrevista con Javier Calvo e Javier Ambrossi: «España ten demasiadas historias de amor enterradas nos campos»

Por Juan Silvestre

A película naceu de “La piedra oscura”, a obra de teatro de Alberto Conejero, ou xa a tiñan en mente antes? J.A.: Xurdiu tras unha lectura dese texto. Estabamos a viaxar a Lyon con "La Mesías" e buscabamos inspiración no teatro. Cando lin o prólogo, con todo o bombardeo da aldea, ese protagonista músico... pensei: "Que bonito sería rodar esta secuencia". Emocioneime moito e díxenlle a Javi que tiñamos algo. Aí xa se falaba de *La bola negra* e empezamos a desenvolver o resto das tramas. Cando adaptas unha obra de teatro corres o risco de que se che quede moi pequena, pero non foi o caso. Queríamos facer algo grande como algunhas das películas de guerra que nos inspiran: *Ven e mira*, de Elem Klimov, ou *Apocalypse Now*, de Coppola. Pero tiña que falar de España, co contrapunto do presente, para que non quedase nunha película máis sobre a Guerra Civil.

J. A.: Falamos de antepasados moi recentes e o realmente político de *La bola negra* é que sexan tres protagonistas gais interpretados por actores abertamente gais. Quixemos facer a película de maricóns máis grande que se fixo nunca.

J. C.: Tamén nos inspirou *O son da caída*, que vimos en Cannes. Lembro como a nena miraba o enfermo na cama. Hai algo atractivo no obxecto de desexo prostrado, como n'*O paciente inglés* ou *A seducción*...

Que consellos lles deu Almodóvar como produtor? J. A.: Estabamos na súa casa comendo croquetas das súas irmás e eu díxenlle que non me levaba ben co desexo. Contestoume: "Pois telo que facer, eh?". E pensei: "É verdade. Teño que desexar". E aí armouse esta cousa que se ve na película de desexar a alguén desa forma en que non podes nin respirar, que che consome o corpo.

J. C.: E que, á vez, está contado dun xeito moi pouco carnal. De feito, hai dúas tramas nas que os personaxes non se poden permitir ser homosexuais nin dicilo. E na terceira, ambientada na actualidade e onde si podemos ter acceso a todo, o sexo casual é case violencia.

Como se achegaron á figura de Federico? J. C.: Falamos coas súas sobriñas, fomos á fundación, vimos o manuscrito orixinal de "La bola negra"... Temos unha relación moi íntima co seu teatro, sobre todo coas súas obras menos coñecidas. É moi sorprendente reler hoxe "Así que pasen cinco años" "El público" ou "Comedia sin título"...

J. A.: Lemos a súa obra completa, alén dos libros que se escribiron sobre el e diarios de amigos que o nomean.

Pensaron na idea de que o seu personaxe non se explicite? J. A.: Si. De feito, durante moito tempo foi a peli de Lorca sen Lorca.

J. C.: Todo o mundo nos dicía que eliminásemos esa escena e eu: "Pero como vou cortar o diálogo máis bonito que escribimos na nosa vida? "Si me muero, que se enteren los señores". España ten demasiadas historias de amor enterradas nos campos. Hai que rabuñar a terra para que saian.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

La piedra oscura /
Ushuaia / En mitad de
tanto fuego,
Alberto Conejero.
Cátedra

Mi alma no cabe en mí,
Federico García Lorca.
Altamarea

Poesía selecta,
Federico García Lorca.
Alba editorial